<ul style="list-style-type: none"> d f l n 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. 		<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
Bloque 2. Debuxo técnico				
<ul style="list-style-type: none"> b f g n o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. B2.3. Tanxencias e enlaces. B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica a creación de deseños persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CAA CMCCT CAA CMCCT CAA CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> b f g o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.9. Perspectiva cónica central. ▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua. ▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. 	<p>deseño e a enxeñaría.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
Bloque 3. Fundamentos do deseño				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). ▪ B3.2. Fases do proceso de deseño. ▪ B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. ▪ B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. ▪ B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. ▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. ▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>proxeccións de escena.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. ▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. ▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. ▪ B4.2. Realización dun storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. ▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ l ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. ▪ B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. ▪ B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. ▪ EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. ▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Creación dixital de imaxes. ▪ B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. ▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Objectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC

4. Concreción dos obxectivos do curso:

Ver tabla do punto 3, páxina e seguintes.

A ensinanza da Educación Plástica, Visual e audiovisual nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar a como un modo de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
4. Sensibilizar o alumnado ante o gozo artístico e alcanzar recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.
5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e de espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis adecuadas.
8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo

5. Concreción dos contidos:

Ver taboa do punto 3, páxina e seguintes.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSEC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

6. Concreción de estándares de aprendizaxes avaliáveis.

Temporalización, grao mínimo, procedementos e instrumentos de avaliación:

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Temporalización	Avaliación*
Bloque 1. Expresión plástica			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 	Emprega a linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	1ª avaliación (primeira semana de setembro)	BC Fi
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. 	Identifica as principais leis e forzas da composición, tendo en conta o impacto do emprego da teoría da cor	1ª avaliación (segunda semana de setembro)	BC Fi
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. 	Experimenta con diversos materiais. Inteesandose pola investigación dos materiais e as tecnoloxías, sendo capaz de analizar o propio proceso creativo.	1ª avaliación (outubro)	BC Fi OU
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. 	Elabora bosquexos individualmente e como medio para o grupo	1ª avaliación (outubro)	BC Fi
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. 	Analiza e interpreta una obra de arte de xeito crítico	1ª avaliación (Novembro)	BC Fi OU
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaa no período ao que pertencen. 			
Bloque 2. Debuxo técnico			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. 	Traza correctamente triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares, enlaces e divide a circunferencia	1ª avaliación (Mitad de Novembro e Decembro)	PE Fi
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. 	Interpreta correctamente as vistas dunha peza xeométrica. Distingue entre perspectiva cónica oblicua e central.	2ª avaliación (Xaneiro)	PE Fi
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. 			

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Temporalización	Avaliación*
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	Traza pezas planas e tridimensionais sinxelas.	2ª avaliación (Febreiro)	OU

Bloque 3. Fundamentos do deseño

<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	Recoñece as fases do proceso de deseño.	2ª avaliación (Marzo)	PE OU FI
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	Diferencia entre forma e función.	2ª avaliación (Marzo)	OU
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	Elabora un logotipo e é capaz de planificar un proxecto de deseño. nciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.	3ª avaliación (Abril, primeira semana de Maio)	PE OU FI
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 			

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. 	Realiza un storyboard e reconece os planos cinematográficos.	3ª avaliación (Maio)	OU BC
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	Recoñece as distintas angulacións e movementos de cámara no cine.	3ª avaliación (Xuño)	OU BC
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 			
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 			

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Temporalización	Avaliación*
<ul style="list-style-type: none"> ■ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	Realiza un proxecto publicitario.		OU BC PE
<ul style="list-style-type: none"> ■ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 			
<ul style="list-style-type: none"> ■ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 			
<ul style="list-style-type: none"> ■ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	Fai un análise crítico da linguaxe publicitaria.	3ª avaliación (Xuño)	OU
*Instrumento de avaliación: PE (Proba escrita), BC (Bloc debuxo, caderno), FI (Fichas), OU (Outros)			

Contidos mínimos non impartidos a reforzar da materia de Educación plástica, Visual e Audiovisual do curso 2019-2020 por causa do Covid19

Tal e como se sinalou na Adaptación da programación realizada no curso pasado, os seguintes contidos mínimos non poideron ser impartidos por mor da situación especial de non presencialidade vivida durante o curso na 3ª Avaliación.

Serán impartidos ou reforzados durante a 1ª Avaliación os seguintes apartados:

UNIDADE 5: Debuxo técnico

5.1. Clasifica polígonos de 3 a 5, lados, identificando os seus elementos e diferenciando se é regular ou irregular.

5.2. Constrúe distintos triángulos coñecendo algúns dos seus datos.

5.3. Constrúe cuadriláteros e paralelogramos coñecendo algúns dos seus datos.

5.4. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata 6 lados inscritos nunha circunferencia e coñecendo o lado.

6.1. Executa correctamente tanxencias entre circunferencias e con rectas.

7.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

UNIDADE 6: Sistemas de representación

3.2. Analiza, identifica e aplica valores estéticos e funcionais no deseño.

3.3. Analiza, identifica e realiza deseños aplicando criterios de sostibilidade e de eco-eficiencia.

4.1. Analiza e executa deseños aplicando composicións modulares ao estudo da organización do plano e do espazo.

5.1. Representa obxectos de xeito obxectivo utilizando os instrumentos de debuxo e aplicando as normas estandarizadas de representación.

6.1. Coñece e comprende distintos sistemas de proxección.

6.2. Visualiza e identifica as proxeccións de formas tridimensionais polas súas vistas principais.

6.3. Debuxa as vistas principais de volumes frecuentes.

- 7.1. Coñece fundamentos para a construción de perspectivas.
- 7.2. Realiza volumes elementais de perspectivas isométricas e cabaleira.

7. Contidos mínimos non impartidos a reforzar da materia de Debuxo Artístico I do curso 2019-2020 por causa do Covid19

Tal e como quedou reflectido na Adaptación da programación realizada no curso anterior, foron impartidos todos os contidos da materia de Debuxo artístico I.

8. Metodoloxía didáctica

A área de Educación Plástica e Visual ten por finalidade que o alumno desenvolva as capacidades de percepción visual, entendemento e comprensión das linguaxes da imaxe e as técnicas e recursos que lle permitan crear imaxes capaces de representar e expresar os seus coñecementos e as súas sensacións persoais.

Para a consecución destes fins, o fundamental será o traballo práctico que o alumno realice na aula durante o horario das clases. Deste xeito, e baixo a vixiancia e dirección do profesor, poderá correxir os seus erros tanto de carácter conceptual, como de procedemento, no mesmo intre no que estes se producen. Os traballos que o alumno terá que facer fora do horario das clases serán escasos e moi determinados co fin de evitar prácticas erráticas que máis que favorecer a súa aprendizaxe, entorpecena e confúndena.

As nocións de carácter teórico a modo de introducción precederán cada unidade didáctica, das que o principal será sempre as realizacións prácticas que tamén ocuparán a maior parte do tempo de cada unidade, maior peso na nota (70% desta). Trátase sempre de que o alumno aprenda a través da súa propia experiencia realizadora. Esta experiencia práctica deberá estar dirixida por unha craridade conceptual e de obxectivos, é dicir, o alumno debe saber en todo momento cara onde debe dirixir a súa actividade.

O espazo propio para a realización dos traballos será a aula do departamento, na que teñen lugar todas as horas lectivas.

A aula entenderémola coma un espazo aberto a todas as experiencias que poidan enriquecer a aprendizaxe dos alumnos, sen descuidar as nocións teóricas básicas que toda formación gráfico-plástica debe observar.

Por outro lado e, tendo en conta que a expresión persoal é un dos obxectivos da asignatura, o profesor deberá en todo momento ter, na medida do posible, un seguimento diario e individual de cada alumno, coa finalidade de reparar os erros de cada quen, e tamén aproveitar as virtudes que poida ter cada un dos alumnos. Somentes no que se refire as linguaxes técnicas de carácter normalizado, o profesor tentará de conquistar que o alumno obteña o rendemento axeitado ós convencionalismos propios de cada traballo ca finalidade de que sexa quen de realizar tarefas de validez acreditada.

8. Materiais didácticos:

O Departamento ampliará os contidos e as diferentes propostas de carácter práctico directamente relacionadas cos estándares de avaliación, a través de:

Libro de texto de Educación Plástica e Visual 4º ESO, Proxecto Conecta 2, optativo.

Traballos en forma de fichas propostos polo profesor que lle serán entregados en fotocopia.

Material audiovisual elaborado polo profesor

Recursos de Internet

Programas informáticos de deseño, retoque e debuxo técnico. Nesto último dependemos totalmente de poder utilizar a aula de informática, que no caso do curso de 4º parece que poderá ser así dado que está dispoñible dúas das tres horas semanais do grupo.

Empregarase tamén como apoio didáctico diario a pizarra tradicional clásica da aula de Debuxo. Instalación de auga na aula de educación plástica duass piletas con auga corrente para limpeza de material e tratamento de técnicas húmedas gráficas e escultóricas.

9. Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios, cualificación e promoción do alumnado.

A avaliación farase fundamentalmente mediante exercicios prácticos sobre os temas que se traten e que básicamente teñen recollidos no caderniño.. Poderanse propoñer según as circunstancias, algúns exames teóricos.

A nota será a media aritmética que se obteña. Terán o mesmo peso os exames que os traballos prácticos e serán máis abundantes estes últimos. A puntuación dos exames farase de 1 a 10 puntos coma tradicionalmente se leva facendo en tódalas materias.

A puntuación dos traballos de índole artística e relacionados, farase do seguinte xeito:

- a) No caso de que o traballo non se adapte ó que se pediu, a puntuación será inferior a cinco puntos, sendo menor canda menor calidade presente o este.
- b) Para os traballos que se adapten ó solicitado as puntuacións serán de 5 a 10 puntos en función da calidade artística, limpeza , presentación, orixinalidade e correcta aplicación da técnica correspondente

A puntuación dos traballos de debuxo técnico, farase do seguinte xeito:

- a) Se o traballo está mal resolto, a puntuación será de 4 puntos ou inferior, según a súa calidade
- b) Para os traballos que se atean ó pedido, e polo tanto aprobados, partirase dunha puntuación de 10 e iráselle restando medio punto por cada fallo de limpeza e precisión

A nota total dos traballos será a que resulte de sumar estas puntuacións.

É condición imprescindible entregar todos os traballos nos prazos establecidos todos os exercicios propostos ó longo da avaliación. Se se incumpliu a data de entrega de algún traballo, este deberá ser entregado na hora de clase inmediatamente posterior á que se tiña estipulado para a súa entrega; de non facelo así, a nota da avaliación poderá ser suspensa, se este feito se produce de xeito reiterado, e non se recollerá ese traballo deica a data que se fixe para a recuperación.

É condición imprescindible para poder aprobar, o ter presentados tódos os traballos que se propoñan ó longo do curso . Isto é válido tanto nas avaliacións coma a final de curso en xuño e en setembro.

Para recuperar as avaliacións o alumno deberá presentar os traballos non entregados eaqueles con menos de catro puntos e se fora preciso, presentarse a un examen dos mínimos da materia tratada na avaliación.

Para recuperar tanto en xuño como en setembro, deberá presentar todos os traballos non entregados e aqueles avaliados con menos de catro puntos. Presentarase tamén a un exame de mínimos e a nota máxima será de cinco puntos

Se un alumno promociona de curso ca materia suspensa, deberá entregar tódolos traballos ós que fai referencia o punto anterior ó longo do seguinte curso.

10. Procedemento de avaliación extraordinaria

En setembro a nota obteráse dun exame sobre mínimos non tendo en conta a nota dos traballos, pero será necesario presentar aqueles que non foran entregados con anterioridade. A nota máxima será de 5 puntos.

11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente:

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do proxecto lector	Nunca	As veces	A maioría das veces	Sempre
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades

12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Os alumnos de 4º de ESO interesados en recuperar a EPVA de 1º e 3º curso, terían -por lei- a posibilidade de presentarse no mes de maio a un exame que tratará toda a materia dada no curso; en caso de non aprobar ese exame, volverán a ter en setembro unha nova oportunidade. A maiores, o departamento de Educación Plástica ofrece a posibilidade de recuperar a materia en dous exames parciais ó longo do curso, repartindo a materia en dous bloques de contidos. Os alumnos que aproben o primeiro parcial poderán presentarse ó 2º e , se aproban este xa terán recuperada a materia; aqueles que non aproben o 1º, pasarán directamente a proba final de maio. Os alumnos deberán preparar a materia pola súa conta, pero contarán coa posibilidade de reunirse periodicamente co profesor de EPVA para aclarar dúbidas, practicar algún tipo determinado de exercicios e planificar en xeral a recuperación da materia. No centro hai, ademais, unha titor de pendentes que axuda a coordinar as actividades de recuperación, establecer datas de exames axeitadas, etc. Tamén terán a posibilidade de realizar ó longo do curso uns traballos prácticos voluntarios para completar a nota do exame.

Dado que non hay alumnos en estas circunstancias, o disposto anteriormente terase en conta en caso da posible incorporación de alumnado novo provinte de outros centros ó longo do curso

13. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumno acreditar os coñecementos previos necesarios en determinadas materias.

Non procede

14. Diseño da avaliación inicial e medidas insiduais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

O Departamento testeará os coñecementos e as capacidades acadadas directamente relacionadas coa materia polo alumnado da forma seguinte:

- Observación directa do desenvolvemento personal e actitudinal do alumno na aula durante as primeiras xornadas: puntualidade, atención, comportamento dentro da aula, acode as sesións co material necesario, escoita e participa, colaboración cos compañeiros, motricidade...
- Proba específica de testeo dos coñecementos e capacidades adquiridas no nivel educativo anterior.
- Cuestionario ou redacción que indague no coñecemento que teñen do que é a materia e as expectativas e desexos que teñen sobre ela.

En función dos puntos anteriores o profesor que imparte docencia poderá coñecer de primeira man as necesidades educativas insiduais de cada alumno e poderá adoptar diversas medidas que axuden a paliar deficiencias no proceso de aprendizaxe. Apoios e reforzos dentro e fóra da aula, adaptacións curriculares, adecuación dos instrumentos de avaliación máis axeitados para unha consecución positiva dos estándares e capacidades a desenvolver.

15. Medidas de atención a diversidade:

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade.

A atención a diversidade forma parte intrínseca da asignatura como tal, xa que os dous pilares da programación son a expresión persoal e a atención individualizada. A práctica diaria de clase baséase no traballo persoal aínda que con obxectivos comúns, o profesor atende e corrixe individualmente ós alumnos, dado que a cada problema pode haber distintas solucións válidas.

Este trato cos alumnos permite a detección de dificultades serias no alumnado, (se as hai), con prontitude, e como tal reconducir a súa práctica de clase cara a búsqueda do mellor aproveitamento das capacidades de cada quén.

Nas variacións que se poden establecer entre uns alumnos e outros segundos as súas capacidades, tratarase principalmente de rebaixar a dificultade dos traballos se alguén o precisa sen renunciar ós obxetivos marcados.

No caso de que nos atopemos con alumnos que necesiten adaptación curricular, non se lle fará en plástica e esixíraselle entregar os mesmos traballos que ó resto dos compañeiros, salvo que isto sexa manifestamente imposible,(solo nese caso se farían adaptacións curriculares), pero sen esixírselle demasiado na súa calidade. Se procede, faránselle exames acordes coas súas características salvo que éstas o impidan.

Consideraranse aprobados se teñen todos os traballos entregados e os exames realizados, se procede.

16. Concreción dos elementos transversais:

A Accións de contribución ao plan lector

O longo do curso potenciarase o uso do libros de texto da materia, para que o alumno se conciencie da importancia da lectura como medio de acadar os coñecementos necesarios.

O profesor axudará os alumnos para que a interpretación da linguaxe escrita sexa axeitada:

- Organizando a parte correspondente a tratar en cada sesión.
- Resolvendo as dúbidas de vocabulario, sobre todo das palabras propias dal materia, creando un diccionario de termos específicos.
- Pasarán os alumnos a bibliografía, referida sobre todo os volumes existentes na biblioteca do centro, indicando as unidades coas que están relacionados.
- Recomendará a lectura en cada avaliación dalgún dos libros ou cómics da biblioteca.

Este Plan Lector avaliarase xunto cos outros contidos no control de cada avaliación :

- Cunha pregunta sobre vocabulario empregado.
- Outra pregunta na que a interpretación do texto lles permita a realización do exercicio proposto.

O Departamento porá a disposición dos alumnos a bibliografía recomendada, sobre todo do material da biblioteca do centro.

B. Accións de contribución ao tratamento das TIC

Na aula de Debuxo temos un ordenador con conexión a internet e un canón dixital. Isto permite tratar os contidos con frecuentes proxeccións, tanto de imaxes (reproduccións de obras de arte, deseños, arquitectura, etc) coma de presentacións preparadas especialmente para ampliar os temas tratados. Asemade, usamos a miúdo a conexión a internet para consultar contidos en páxinas web ou en documentais colgados na rede.

Ademais de enriquecer o tratamento dos contidos, resulta moito máis atractivo para o alumnado. O profesor fornece ademais o alumnado dun directorio de páxinas web e fontes específicas da materia para un mellor desenvolvemento da materia e como maneira de fomentar a consulta e formación activa paralela as clases.

Ó longo do curso fomentamos o emprego das TIC por parte do alumnado empregando a Aula de Informática (cando sexa posible) e os recursos propios do alumnado coa finalidade de:

- Elaborar traballos para a súa exposición na aula por parte do alumnado empregando presentacións con diapositivas e traballos en diferentes formatos
- Facer prácticas, exercicios e resolución de problemas online dos diferentes temas tratados no currículo.
- Como fonte de información e consulta constante e multilingüística.

C. Accións de contribución ao plan de convivencia

O departamento contribúe ó plan de convivencia do centro cos seguintes obxectivos:

1. Educar ó alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
3. Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.

4. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
5. Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
6. Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
7. Controlar as faltas de asistencia e retrasos dos alumnos, informando ós titores segundo o procedemento aprobado no noso centro.

17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

A Educación Plástica e Visual é un campo aberto ás relacións con outras materias e Departamentos:

Biblioteca, na montaxe de exposicións, traballos de cartelería, instalacións, etc.

Todos os departamentos que desexen establecer experiencias conxuntas en determinados temas de interese común ó longo do curso

Actividades extraescolares, colaborando na produción de carteis, fondos de atrezzo, xornadas culturais, etc.

Posibilidade de organizar-contratar durante o curso ben de maneira conxunta con outros Departamentos ou polo Departamento de obradoiros no centro relacionados coa nosa materia.

Participación en concursos de carácter artístico e de contidos transversais.

Visitas a exposicións que se realicen no entorno, que sirvan de complemento para ampliar os coñecementos, pero tamén para coñecer a realidade no campo da plástica.

18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A taboa do apartado 11 será o instrumento necesario para avaliar en todo momento ó longo do curso a práctica docente e servirá para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que conleven a unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, en cada trimestre, logo de cada avaliación faráse un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores da táboa 11.

Programación de Debuxo artístico I e II.

I.E.S. DE ALLARIZ		
CURSO	1º E 2º BACHARELATO	
ASIGNATURA	DEBUXO ARTÍSTICO I E II	
PROFESOR	María Basilisa Álvarez Pazos	
CUADERNOS DE DEBUXO E LIBRO 4º E.S.O.	<i>Título</i>	<i>Libro de texto opcional</i>
	<i>Autor</i>	
	<i>Editorial</i>	ISBN
	<i>Data Autoriz.</i>	— X Galego Castelán
	Profesores do Dep. Debuxo	<i>María Basilisa Álvarez Pazos (Xefa departamento)</i> <i>Noa López Blanco (comparte con Dep. Edu. Física)</i>
Materias que imparte o dep.	Educación plástica, visual e audiovisual. 1º 3º e 4º Cursos da E.S.O Debuxo técnico II de 2º de Bacharelato Debuxo artístico I e II, 1º e 2º de Bacharelato	

INDICE:

1. Índice paxinado.	71
2. Introducción e contextualización.	72
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.	73
4. Concreción dos obxectivos do curso.	78
5. Concreción dos contidos.	78
6. Concreción de estándares de aprendizaxes avaliáveis. Temporalización, grao mínimo, procedementos e instrumentos de avaliación.	78
7. Metodoloxía didáctica.	81
8. Materiais didácticos.	82
9. Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios, cualificación e promoción do alumnado.	82
10. Procedemento de avaliación extraordinaria.	83
11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	83
12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	83
13. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumno acreditar os coñecementos previos necesarios en determinadas materias.	84
14. Diseño da avaliación inicial e medidas insiduais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	84
15. Medidas de atención a diversidade.	84
16. Concreción dos elementos transversais:	85
A Accións de contribución ao plan lector	85
B. Accións de contribución ao tratamento das TIC	85
C. Accións de contribución ao plan de convivencia	86
17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.	86
18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.	86

2. Introducción e contextualización:

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa. As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

1º Bacharelato

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O debuxo como ferramenta				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ i ▪ m ▪ n ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as. ▪ DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ m ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Expresión da subxectividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ m ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Materiais, utensilios e soportes básicos. ▪ B1.4. Introducción ás técnicas secas e á súa aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aposar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. ▪ DA1.B1.3.2. Aposar unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Liña e forma				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas. ▪ DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ d ▪ g 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 3. A composición e os seus fundamentos				
Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).
 Obxectivos do bacharelato: segundo o DOG 120 do 29/VI/2015

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolución de problemas xeométricos. ▪ B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións. ▪ B1.3. Construción de figuras planas equivalentes. ▪ B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz. ▪ B1.5. Aplicacións. ▪ B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias. ▪ B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. ▪ DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. ▪ DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas. ▪ B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. ▪ B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes. ▪ B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións. ▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. ▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. ▪ B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. ▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. ▪ B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia. ▪ B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 2. Sistemas de representación				

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico. ▪ B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade. ▪ B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas. ▪ B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico. ▪ B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións. ▪ B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións. ▪ B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións. ▪ B2.8. Afinidade entre proxeccións. ▪ B2.9. Problema inverso ao abatemento. ▪ B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico. ▪ B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares. ▪ B2.12. Determinación das súas seccións principais. ▪ B2.13. Representación de prismas e pirámides. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas. ▪ B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos. ▪ B2.16. Interseccións. ▪ B2.17. Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais. B2.19. Posición do triedro fundamental. B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema. B2.21. Determinación de coeficientes de redución. B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes. B2.23. Representación de figuras planas. B2.24. Representación simplificada da circunferencia. B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos				
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Elaboración de bosquejos, esbozos e planos. B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual. B3.3. Proxecto: tipos e elementos. B3.4. Planificación de proxectos. B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas. B3.6. Elaboración das primeiras ideas. B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Elaborar bosquejos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.3. Debuxa bosquejos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>construción.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Presentación de proxectos. ▪ B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo. ▪ B3.10. Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas. ▪ B3.11. Elaboración de debuxos cotados. ▪ B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos. ▪ B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas. ▪ B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas. ▪ B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista. ▪ B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporización	Procedementos e instrumentos de avaliación

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico

<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. 	<p>Executar correctamente problemas relacionados con potencia e inversión.</p> <p>Resolver problemas de tanxencias mediante o emprego de eixe e centro radical</p>	2 sesións	<p>. Informes de prácticas recollidas</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos. 		4 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. 	<p>Resolve cónicas dados os seus elementos definidores.</p> <p>Emprega resolución por homoloxía para resolver tanxencias.</p>	3 sesións	<p>Cuestións, problemas e fichas</p> <p>. Informes de prácticas recollidas</p> <p>Proba práctica evaluable</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia. 		4 sesións	

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións. 	Resolve problemas xeométricos diversos mediante o emprego da homoloxía	4 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas Proba práctica evaluable
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada. 		3 sesións	

Bloque 2. Sistemas de representación

<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. 	Resolve verdadeira magnitude, xiros e cambios de plano. Representa o cubo ou o hexaedro en calquera posición.	4 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas Proba práctica evaluable
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas. 		4 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. 	Interseccións, xiros e abatements para determinar magnitudes.	3 sesións	Proba práctica evaluable
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. 		3 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas Proba práctica evaluable

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. 		4 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. 	Determinación de coeficientes de redución. Representación simplificada da circunferencia	3 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas Proba práctica evaluable
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. 		3 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras. 		5 sesións	
Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos			
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. 	Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas. Elaboración de debuxos acotados	3 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas Proba práctica evaluable
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. 		3 sesións	

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. 		2 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoñendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación. 		3 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas Proba práctica evaluable
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. 	Uso básico de Cad e outras aplicacións de software.	3 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas Proba práctica evaluable

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporización	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. 		4 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado. 	Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.	3 sesións	Cuestións, problemas e fichas . Informes de prácticas recollidas
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron. 		4 sesións	

Contidos Mínimos a Reforzar Da Materia de Debuxo Técnico I do Curso 2019-2020 Por Causa do Covid-19

Tal e como se sinalou na Adaptación da programación realizada no curso pasado, os seguintes contidos mínimos non poideron ser impartidos por mor da situación especial de non presencialidade vivida durante o curso na 3ª Avaliación.

Serán impartidos ou reforzados durante a 1ª Avaliación os seguintes apartados:

Bloque 1. Xeometría e Debuxo Técnico

- Saber obter escalas gráficas con contraescala
- Saber debuxar unha figura homotética doutra dada a razón de homotecia directa e inversa
- Saber distinguir entre homotecia e semellanza.
- Saber aplicar homotecia á resolución de rectas tanxentes a dúas circunferencias
- Saber debuxar elipses por puntos e por radiación, dados os diámetros reais ou conxugados.

Bloque 2. Sistemas de Representación

Saber debuxar pezas sinxelas nos distintos tipos de perspectiva cónica..

Bloque 3. Normalización

Saber acotar pezas sinxelas.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Basearase nunha serie de principios ou pautas que se poden resumir no seguinte:

a) Despertar o interés do alumno polo tema obxecto de estudio. Unha forma de motivación e partir das experiencias propias do alumnado, de problemas reais ou de exemplos cotiáns.

b) Coñecer as ideas previas dos alumnos sobre cada tema, a través de actividades de exploración como cuestionarios, entrevistas ou observación directa na aula, poñendo de manifesto esas ideas e que o alumnado poida tomar conciencia delas.

c) Estimular a introducción de novos conceptos, creando dentro da clase grupos de traballo nos que se discutan distintos puntos de vista.

Así mesmo, ó longo do curso utilizaremos unha serie de técnicas coordinadas para dirixir a aprendizaxe cara os obxetivos previstos, como son:

- Exposición orientadora do profesor, que servirá ós alumnos como base para a comprensión das distintas unidades didácticas. O profesor explicará os temas que correspondan e seguindo a orde que se presenta na programación.
- Utilización de recursos audiovisuais e informáticos.
- Utilización da biblioteca.
- Cadernos de traballo do alumno onde se recollen informacións tratadas nas clases e as distintas actividades realizadas.
- Cadernos de traballo do alumno onde se recollen informacións tratadas nas clases e as distintas actividades realizadas
- O profesor explicará os temas que correspondan e seguindo a orde que se presenta na programación.
- De cada tema realizaranse exercicios prácticos que afiancen e clarifique o tema. Estes exercicios non se puntuarán.
- En calquera momento, o profesor solicitará ó alumno que saia á pizara a resolver calquera exercicio, pero non se terá en conta á hora de poñer nota.
- O remate dun conxunto de temas, o profesor propondrá exercicios deles para que os alumnos os realicen ná súa casa. Ditos exercicios serán recollidos nas datas que se fixen e serán corrixidos polo profesor.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- O alumno fará uso de calquera manual sobre a materia que sexa apto para o estudio, de xeito opcional, dispoñibles na biblioteca do centro.
- Láminas ou fichas de manuais de prácticas como o proposto pola Editorial Alarcón para prácticas, dispoñible na biblioteca do centro.
- Escuadra, cartabón, compás e regra.
- Lápices ou portaminas de distintas durezas, goma e papel vexetal.
- Material informático.

AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo de curso realizarase unha proba de avaliación inicial, mediante unha proba tipo test sobre coñecementos e capacidades que deberían terse acadado en cursos anteriores, para

valorar de que punto partimos con cada alumno e alumna e así facilitar o desenvolvemento da materia e a atención individualizada coas actividades de reforzo e ampliación que se precisen.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, SISTEMA DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Consideraremos a avaliación como un proceso no que distinguiremos tres aspectos:

1.-Os contidos asimilados polos alumnos e alumnas. Para elo faremos o seguinte:

- O alumno deberá realizar unha serie de láminas de aplicación práctica do debuxo que terán a efecto de nota o mesmo peso que os exames. As láminas formarán bloques e cada bloque levará una única nota. Será un bloque por avaliación e cada un deles poderá constar dun número indeterminado de láminas. Realizaranse tanto polo método tradicional coma por ordenador.
- Farase exames de xeometría plana, de Xeometría descriptiva e de normalización, salvo cambios que se produzan ó longo do curso. Tentarase que coincidan dous en cada avaliación.
- A nota da avaliación sae da media entre os exames e o bloque de láminas.
- As recuperacións faranse en tres días a finais de curso.. Solamente as recuperacións faranse sobre os mínimos esixibles e a nota máxima que se pode obter neste exames e de cinco puntos. O resto dos exames do curso poderá versar sobre calquera parte da materia programada.
- É imprescindible para poder presentarse a recuperación, ter entregados tódolos exercicios teóricos arriba indicados.
- Para a recuperación, non é obrigatorio voltar a facer as láminas, pero sí recomendable repetir as suspensas , xa que doutro xeito, para facer a media da nota, computaría a obtida nas avaliacións. En caso de repetir as suspensas, voltaríase a obter a nova nota do bloque de láminas e sería éste o que se tería en conta a hora de facer as medias.
- En setembro farase un único exame de todo, non conservándose partes aprobadas de xuño. Sería imprescindible para poder presentarse, o ter entregados tódolos exercicios teóricos arriba indicados
- Non se esixiría a presentación das láminas e a nota resultante sería a obtida no exame unicamente.
- Nin na recuperación de xuño nin na de setembro, se computará o 1,5 resultante de ter ben o 80% dos exercicios.
- Se por calquera motivo fora necesaro partir algún exame, faríase.
- O alumno deberá levar ó día os apuntes da materia pasados a limpo.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

As alumnas ou alumnos que non aproben na avaliación de xuño realizarán unha proba no mes de setembro que terá en conta os contidos mínimos previstos na programación da materia. O aprobado conseguirase acadando un 5 en dita proba.

Deberán entregar aqueles traballos que non fixeran de forma correcta ao longo do curso.

PROMOCIÓN:

Segundo o establecido no Proxecto educativo de centro (PEC)

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE

O alumnado que teña pendente a materia poderá realizar, de acordo co xefe de departamento, tres probas (unha coa materia de cada avaliación). A terceira terá carácter de proba

final na que se poderán recuperar os contidos non superados nas anteriores. Se non supera a materia na convocatoria de xuño terá dereito a outra proba no mes de setembro.

PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS:

O alumnado que estea cursando 2º de Bacharelato e necesita acreditar coñecementos previos para as asignaturas de Debuxo Técnico I acreditará ditos coñecementos da seguinte forma:

- Aqueles contidos coincidentes cos das asignaturas correspondentes de 2º de bacharelato consideraranse adquiridos se son aprobados en 2º Bac. Os non coincidentes poderán ser superados mediante a realización e superación de traballos.
- Haberá un seguimento dese alumnado, polo que se non se están conseguindo en 2º os coñecementos previos comunicaráse a necesidade de facer ata tres probas parciais, das que a última terá carácter de proba final .

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

-Non están previstas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao alumnado que presente maiores dificultades para progresar na asignatura proporcionaráselle actividades e exercicios de reforzo, se o solicitan e se considera pertinente, co fin de que acaden os obxectivos previstos. Tamén se lle proporcionaran actividades de ampliación a aqueles alumnos/as que o desexen e se considere que resulta positivo.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

Traballaranse principalmente os seguintes temas transversais:

Educación para a igualdade entre os sexos: tratarase no discorrir diario das clases.

Educación para a saúde e educación sexual: análise do canon na arquitectura en na representación anatómica como representación xeométrica na arte o longo da historia.

Educación ambiental: en relación, sobre todo cos aspectos relacionados coa biodiversidade, exploración das aplicacións da xeometría na natureza na representación xeométrica.

FOMENTO DA LECTURA.CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

Tratarase de fomentar nos alumnos un hábito de lectura. Recuriremos a:

1. Lecturas do libro de texto.
2. O tratamento
3. Recomendación de lectura de libros

As actividades para o fomento da lectura son:

- Lecturas en clase: De textos científicos, artigos de prensa, revistas, enciclopedias etc..
- Enriquecemento do vocabulario dos alumnos buscando termos científicos ou non no dicionario.
- Deseñaranse actividades con textos científicos, artigos de prensa, etc. para potenciar a comprensión lectora.
- Búsqueda de información escrita en fontes diversas.
- Coordinación coa profesora responsable da Biblioteca.

CONTIBUCIÓN AO PLAN TIC

As actividades para o fomento das TIC previstas son

- Traballo con software de todo tipo, especialmente CAD
- Búsqueda de información en internet
- Traballo (visionado, crítica, comentario...) con material audiovisual de distintos tipos e formatos (vídeos, DVD, internet)
- Uso de actividades interactivas existentes na internet.
- Creación e uso de actividades con ferramentas como Ardora, Jclíc, Hotpotatoes e Webquests.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE. REVISIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

A avaliación da programación non debe ser a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo. Aínda que a programación é un instrumento indispensable para dar coherencia ao funcionamento dun curso, a súa elaboración é progresiva e lenta, tanto polas características da mesma, como pola necesidade de que as propostas e decisións que a integran sexan realmente compartidas por todo o profesorado do departamento.

É imprescindible ter en conta que todo é susceptible de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Ao longo do curso académico, o profesorado debe detectar o grao en que os alumnos e alumnas adquiren os contidos e as posibles deficiencias da programación.

Así, ao longo de todo o curso, e sobre todo nas reunións de departamento, iranse analizando e mellorando, na medida do posible, os distintos aspectos da programación e da práctica docente: **os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, temporalización, motivación do alumnado**,...; para facer da programación o instrumento realmente eficaz para o ensino-aprendizaxe.

ANEXO I:

Materia a impartir durante a I Avaliación, non impartida no curso anterior 2019-2020 por causa da situación especial derivada da pandemia por Covid19

1º e 3º ESO: Contidos mínimos non impartidos a reforzar da materia de Educación plástica, Visual e Audiovisual do curso 2019-2020 por causa do Covid19: Non procede neste curso, dado que o 1º curso da materia non ten continuidade. Contemplárase dito reforzo na programación didáctica do curso vindeiro 2021-2022 na materia de Educación plástica, visual e audiovisual de 3º da ESO.

4º ESO: Contidos mínimos non impartidos a reforzar da materia de Educación plástica, Visual e Audiovisual do curso 2019-2020 por causa do Covid19
Tal e como se sinalou na Adaptación da programación realizada no curso pasado, os seguintes contidos mínimos non poideron ser impartidos por mor da situación especial de non presencialidade vivida durante o curso na 3ª Avaliación.

Serán impartidos ou reforzados durante a 1ª Avaliación os seguintes apartados:

UNIDADE 5: Debuxo técnico

5.1. Clasifica polígonos de 3 a 5, lados, identificando os seus elementos e diferenciando se é regular ou irregular.

5.2. Constrúe distintos triángulos coñecendo algúns dos seus datos.

5.3. Constrúe cuadriláteros e paralelogramos coñecendo algúns dos seus datos.

5.4. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata 6 lados inscritos nunha circunferencia e coñecendo o lado.

6.1. Executa correctamente tanxencias entre circunferencias e con rectas.

7.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

UNIDADE 6: Sistemas de representación

3.2. Analiza, identifica e aplica valores estéticos e funcionais no deseño.

3.3. Analiza, identifica e realiza deseños aplicando criterios de sostibilidade e de eco-eficiencia.

4.1. Analiza e executa deseños aplicando composicións modulares ao estudo da organización do plano e do espazo.

5.1. Representa obxectos de xeito obxectivo utilizando os instrumentos de debuxo e aplicando as normas estandarizadas de representación.

6.1. Coñece e comprende distintos sistemas de proxección.

6.2. Visualiza e identifica as proxeccións de formas tridimensionais polas súas vistas principais.

6.3. Debuxa as vistas principais de volumes frecuentes.

7.1. Coñece fundamentos para a construción de perspectivas.

7.2. Realiza volumes elementais de perspectivas isométricas e cabaleira.

1º e 2º Bacharelato, Debuxo artístico I e II: Contidos mínimos non impartidos a reforzar da materia de Educación plástica, Visual e Audiovisual do curso 2019-2020 por causa do Covid19: Tal e como quedou reflectido na Adaptación da programación realizada no curso anterior, foron impartidos todos os contidos da materia de Debuxo artístico

1º e 2º Bacharelato, Debuxo técnico I e II:

Tal e como se sinalou na Adaptación da programación realizada no curso pasado, os seguintes contidos mínimos non poideron ser impartidos por mor da situación especial de non presencialidade vivida durante o curso na 3ª Avaliación.

Serán impartidos ou reforzados durante a 1ªAvaliación os seguintes apartados:

Bloque 1. Xeometría e Debuxo Técnico

- Saber obter escalas gráficas con contraescala
- Saber debuxar unha figura homotética doutra dada a razón de homotecia directa e inversa
- Saber distinguir entre homotecia e semellanza.
- Saber aplicar homotecia á resolución de rectas tanxentes a dúas circunferencias
- Saber debuxar elipses por puntos e por radiación, dados os diámetros reais ou conxugados.

Bloque 2. Sistemas de Representación

Saber debuxar pezas sinxelas nos distintos tipos de perspectiva cónica..

Bloque 3. Normalización

Saber acotar pezas sinxelas.

ANEXO II:

Metodoloxía no caso de ensino a distancia ou semipresencial por causa da situación especial derivada da pandemia por Covid19

Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia:

1. Un grupo completo:

- No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira telemática.
- As tarefas propostas indícaranse durante a docencia online e/ou colgaranse na aula virtual.
- As tarefas resoltas enviaranse ao profesorado por correo electrónico.
- Poderán ser corrixidas mediante:
 - Clase telemática no horario da materia.
 - Corrección individualizada e posterior envío por correo electrónico.
 - Correccións globais explicativas subidas á aula virtual.

2. Parte do grupo:

- No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira presencial e telemática.
- Para o alumnado que acuda ás aulas, seguirase a metodoloxía habitual descrita na programación.
- Para o alumnado que non asista presencialmente; no referente ás tarefas; seguirase o procedemento descrito no apartado 1 (Grupo completo).

Metodoloxía no caso do alumnado que non poida seguir ensinanza telemática

1. Acceso limitado a internet, unicamente: correo, aula virtual, pero non segue a clase online

O alumnado poderá acceder a explicacións escritas detalladas, tarefas propostas e correccións personalizadas subidas á aula virtual ou mediante o envío de dito material ao correo electrónico.

Sen acceso a internet

- Despois da comunicación da ausencia (total ou parcial) dos/as estudantes; tentarase (para este alumnado) nos dous días seguintes a dita comunicación, deixar impresas as explicacións detalladas, actividades propostas e actividades resoltas, desa semana:
 - En conserxería (para que o recolla alguén achegado, que non se atope en corentena)
 - Para enviarse por correo ordinario (ou a través de reparto do concello)
- Se a ausencia do grupo ou do alumnado específico, se prolonga no tempo, os luns de cada semana os estudantes terán á súa disposición este material seguindo as vías anteriores.
- As dúbidas referentes á materia poderán ser resoltas mediante vía telefónica nas horas de titoría de atención a pais e nais e/ou nas horas de xefatura de departamento.

Allariz, Setembro de 2020
Asdo: María Basilisa Álvarez Pazos